

PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O CONCELLO DE ARBO, CON CARÁCTER DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO – TEST (EXAME GALEGO)
DATA	18/09/2025

1. De conformidade co artigo 62 da Constitución Española de 1978, pode o Rei presidir os Consellos de Ministros?

- a) Nos casos de inhabilitación do Presidente do Goberno
- b) Sempre que o desexe, comunicándollo ás Cortes
- c) Cando o estime oportuno, a pedimento do Presidente do Goberno

2. De conformidade co artigo 81 da Constitución Española de 1978, son leis orgánicas

- a) As relativas ao réxime electoral xeral
- b) As relativas a cuestións de carácter tributario
- c) As relativas a cuestións de carácter internacional

3. De conformidade co artigo 149.1 da Constitución Española de 1978, é competencia exclusiva do Estado:

- a) O réxime aduaneiro e arancelario, e o comercio exterior
- b) A ordenación do territorio, urbanismo e vivenda
- c) A artesanía

4. Segundo o disposto no artigo 10.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, é unha función do Parlamento de Galicia:

- a) Solicitar, do Goberno do Estado, a adopción de proxectos de Lei e presentar, ante a Mesa do Congreso dos Deputados, proposicións de Lei
- b) Designar, para cada legislatura das Cortes Xerais, aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co previsto no artigo 69.5 da Constitución Española
- c) Delegar a potestade legislativa na Xunta de Galicia, nos termos que establecen os artigos 85, 86 e 87 da Constitución Española para o suposto da delegación legislativa das Cortes Xerais ao Goberno do Estado

5. O patrimonio da Comunidade Autónoma estará integrado, segundo o artigo 43 do Estatuto de Autonomía de Galicia, entre outros, por:

- a) Os bens afectos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma, o patrimonio da Comunidade no momento de aprobarse o Estatuto de Autonomía e os bens adquiridos pola Comunidade Autónoma por calquera título xurídico válido.
- b) O Patrimonio da Comunidade Autónoma no momento de aprobarse o Estatuto de Autonomía e os rendementos de impostos
- c) Os bens afectos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma e os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial

6. Segundo o disposto no artigo 56.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a proposta de reforma do estatuto requirirá:

- a) En todo caso, a aprobación do Parlamento de Galicia por maioría de tres quintos, a aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores
- b) En todo caso, a aprobación do Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores
- c) En todo caso, a aprobación da Xunta de Galicia, do Parlamento galego por proposta de tres quintos dos seus membros e a aprobación polas Cortes Xerais

7. De conformidade co disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, cal das seguintes entidades NON goza da condición de entidade local?:

- a) As comarcas
- b) As mancomunidades de municipios
- c) Os organismos autónomos

8. De conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- a) Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano
- b) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres
- c) Urbanismo: xestión, execución e disciplina urbanística

9. Cales son os elementos do municipio? (artigo 11 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local)

- a) Territorio, poboación e comunidade
- b) Territorio, poboación e organización
- c) Territorio, poboación e veciños

10. Segundo o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local:

- a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- c) A aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.

11. De acordo co artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os órganos colexiados poderán constituírse por medios electrónicos e telemáticos:

- a) Sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade.
- b) Sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio europeo e quede acreditada a súa identidade.
- c) En ningún caso.

12. A Comisión Especial de Contas existe: (artigo 20 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local)

- a) Só nos municipios de gran poboación.
- b) Só nos municipios de máis de 10.000 habitantes.
- c) En todos os municipios

13. Segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se non existe quórum suficiente en primeira convocatoria para celebrar unha sesión do Pleno:

- a) Celebrase a sesión de todos os xeitos
- b) Enténdese convocada automaticamente á mesma hora, dous días despois
- c) A sesión non se celebra

14. De acordo co artigo 46 2. a) da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, solicitada a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno pola cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, a celebración da mesma non poderá demorarse por máis de:

- a) Un mes desde que fose solicitada.
- b) 15 días hábiles desde que fose solicitada.
- c) 10 días hábiles desde que fose solicitada.

15. De conformidade co artigo 195 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as providencias de trámite e os actos ou acordos que poñan termo a un expediente serán notificados:

- a) Nos dez días naturais seguintes ao da súa data.
- b) Nos dez días seguintes ao da súa data.
- c) Nos quince días naturais seguintes ao da súa data.

16. De acordo co artigo 59 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os concellos esixirán, de acordo con esta lei e as disposicións que a desenvolven:

- a) O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- b) O Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

17. O artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas sinala que as administracións públicas só lle requirirán aos interesados o uso obrigatorio da firma para unha serie de actuacións. Sinala cal das seguintes actuacións realizadas polas persoas interesadas non é obrigatoria para que as administracións públicas requíranlle a firma.

- a) Presentar documentos no rexistro.
- b) Desistir de accións.
- c) Presentar declaracións responsables ou comunicacións

18. De conformidade co disposto no artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren unha pluralidade de interesados, con quen deben efectuarse as actuacións que sexan necesarias realizar con eles ?

- a) Co que figure en primeiro termo, en calquera caso.
- b) Coa persoa que a Administración de forma discrecional considere que reúne a capacitación suficiente para actuar como representante das persoas interesadas.
- c) Co representante ou coa persoa interesada que expresamente sinalasen .

19. No caso de que nun escrito de iniciación dun procedemento administrativo que se realizou por dous ou máis interesados, e tendo en conta o establecido no artigo 94.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a quen lle afectará a desistencia ou a renuncia que se poida realizar ao devandito procedemento administrativo?.

- a) A aqueles que a tivesen formulado e a terceiros interesados que acudiron ao mesmo.
- b) Só a aqueles que a tivesen formulado.
- c) A todos os interesados no procedemento.

20. O artigo 2 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que o sector público deberá respectar determinados principios nas súas actuacións e relacións electrónicas. Indica cal é un deles:

- a) Eficacia
- b) Neutralidade tecnolóxica e adaptabilidade
- c) Subsidiariedade

21. O artigo 4 do Real Decreto 203/2021 do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que as Administracións Públicas prestarán a asistencia necesaria para facilitar o acceso das persoas interesadas aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito competencial a través de determinadas canles. Indica cal NON é un deles:

- a) Portais da internet e sedes electrónicas
- b) Telefónico
- c) Correo postal

22. Sinale cales teñen que ser os principios técnicos do Portal de Transparencia segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a) Publicidade, transparencia e seguridade.
- b) Accesibilidade, transparencia e seguridade.
- c) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.

23. De acordo co artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para:

- a) A protección do medio ambiente.
- b) A igualdade de xénero.
- c) A protección da saúde.

24. Segundo o artigo 37.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establécese respecto ás resolucións administrativas de carácter particular?

- a) Que poderán prevalecer sobre unha disposición de carácter xeral se proceden dun órgano de superior xerarquía.
- b) Que non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía.
- c) Que poderán opoñer excepción ao disposto nunha norma xeral cando existan razóns de interese público.

25. Segundo o artigo 40.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se considera suficiente para entender cumprida a obrigaón de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos?

- a) A notificación que conteña unicamente un resumo da resolución e a data de emisión.
- b) A notificación enviada por calquera medio, aínda que non se acredite o intento de notificación nin se inclúa o texto completo da resolución.
- c) A notificación que conteña, como mínimo, o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado.

26. Segundo o artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal dos seguintes actos NON é nulo de pleno dereito?

- a) Os actos constitutivos de infracción penal ou ditados como consecuencia desta.
- b) Os actos que teñan contido imposible.
- c) Os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da xerarquía.

27. Segundo o artigo 49.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a nulidade ou anulabilidade dun acto administrativo:

- a) Non implica a nulidade dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.
- b) Implica a nulidade de todos os actos sucesivos do procedemento, aínda que sexan independentes do primeiro.
- c) Só afecta os actos posteriores que garden relación xerárquica co primeiro.

28. Segundo o artigo 52.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) A Administración deberá validar os actos anulables, emendando os vicios que padezan.
- b) A Administración poderá validar os actos anulables, emendando os vicios que padezan.
- c) A Administración poderá validar os actos nulos, emendando os vicios que padezan.

29. Segundo o artigo 62.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as denuncias deberán:

- a) Expresar a identidade da persoa ou persoas que as presentan e o relato dos feitos que se poñen en coñecemento da Administración.
- b) Expresar unicamente o relato dos feitos, sen necesidade de identificar á persoa ou persoas que as presentan.
- c) Só recoller a data dos feitos e a identificación dos presuntos responsables, sen necesidade de relatar os feitos nin identificar ao denunciante.

30. Segundo o artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación coas actuacións complementarias:

- a) As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a quince días e o prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a súa terminación.
- b) As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo de sete días e o prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a súa terminación.
- c) As actuacións complementarias non teñen límite de prazo e o órgano pode decidir a súa duración sen afectar ao prazo de resolución.

31. Segundo o artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal é o recurso que se poderá interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo?

- a) Recurso extraordinario de revisión.
- b) Recurso potestativo de reposición.
- c) Recurso de alzada.

32. Segundo o artigo 7.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, cando poderá fundarse o tratamento dos datos persoais dun menor de idade no seu consentimento?

- a) Cando sexa maior de doce anos.
- b) Cando sexa maior de catorce anos.
- c) Cando sexa maior de dezaseis anos.

33. Segundo o artigo 44.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, a Axencia Española de Protección de Datos é:

- a) Unha autoridade administrativa dependente de ámbito estatal.
- b) Unha autoridade xurisdiccional independente de ámbito estatal.
- c) Unha autoridade administrativa independente de ámbito estatal.

34. Conforme sinala o artigo 167 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, a escala de administración xeral, na que se integran os funcionarios de carreira da administración local que non teñan habilitación de carácter nacional, divídense en:

- a) Catro subescalas: Técnica superior, Técnica media, Auxiliar e Oficios.
- b) Cinco subescalas: Técnica, De xestión, Administrativa, Auxiliar e Subalterna.
- c) Catro subescalas: Técnica, Administrativa, Auxiliar e Subalterna

35. De acordo co artigo 176.9 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de goce da excedencia por coidado de familiares, polo período máximo de duración, con que prazo de antelación solicitarase o reingreso ao servizo activo?.

- a) Tres meses respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.
- b) Dous meses respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.
- c) Un mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.

36. Sinala cal das seguintes respostas non consta como un dos deberes dos empregados públicos recollidos no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- a) Desempeñar efectivamente as funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión alcanzada na súa carreira profesional.
- b) Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración Pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.
- c) Garantir a constancia e a permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.

37. De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o prazo de exposición ao público dun expediente de crédito extraordinario aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Arbo é de:

- a) 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- b) 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) Un mes a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

38. Segundo o recollido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a quen lle corresponde a competencia para aprobar a liquidación do orzamento?

- a) Á Xunta de Goberno Local da Entidade Local previo informe da Tesourería.
- b) Ao Presidente da Entidade Local previo informe da Intervención.
- c) Ao Pleno da Entidade Local previo informe da Secretaría.

39. Segundo o recollido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala a resposta correcta en relación á Conta Xeral dunha Entidade Local.

- a) Deberá ser sometida ao Pleno para, no seu caso , ser aprobada antes do 1 de outubro .
- b) Será formada polo Alcalde ou Presidente da Entidade Local.
- c) Será formada pola Comisión Especial de Contas da Entidade Local.

40. O artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece expresamente os motivos polos que poderán establecerse reclamacións co orzamento xeral dunha Entidade Local. Entre os devanditos motivos non se atopa:

- a) Por considerar que os créditos previstos no estado de ingresos non serán suficientes para alcanzar un determinado nivel de calidade en certos servizos.
- b) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.
- c) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título léxítimo.

41. De acordo co artigo 19 da Lei 31, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, relativo á formación dos traballadores en materia preventiva:

- a) A formación deberá impartirse sempre que sexa posible, dentro da xornada de traballo.
- b) A formación deberase impartir sempre por medios propios
- c) O custo da formación poderá recaer sobre os traballadores

42. De acordo co artigo 21 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, relativo á determinación das contías e dos incrementos retributivos (SINALAR A INCORRECTA):

- a) As contías das retribucións básicas deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos.
- b) Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa laboral inferior aos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o persoal
- c) O incremento da masa salarial do persoal laboral deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamento.

43. De acordo co artigo 22 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, relativo ás retribucións dos funcionarios:

- a) Non poderá percibirse participación en tributos ou en calquera outro ingreso das Administracións Públicas como contraprestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, aínda cando estivesen normativamente atribuídas aos servizos
- b) Poderán percibirse participación en tributos ou en calquera outro ingreso das Administracións Públicas como contraprestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, salvo que estivesen normativamente atribuídas aos servizos
- c) Non poderá percibirse participación en tributos ou en calquera outro ingreso das Administracións Públicas como contraprestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, salvo que estivesen normativamente atribuídas aos servizos

44. De acordo co artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo ás licenzas urbanísticas e comunicacións previas, estarán suxeitos a licenza municipal os seguintes actos (SINALAR A INCORRECTA):

- a) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos
- b) Os grandes movementos de terras e as explanacións
- c) Os muros de cerramentos, segundo establézase regulamentariamente

45. De acordo coa Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relativa ás normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais :

- a) Nos contratos celebrados nos municipios de máis de 10.000 habitantes, a aprobación do gasto poderá ser substituída por unha certificación de existencia de crédito que se expedirá polo Secretario Interventor ou, no seu caso, polo Interventor da Corporación.
- b) Nos contratos celebrados nos municipios de menos de 5.000 habitantes, a aprobación do gasto poderá ser substituída por unha certificación de existencia de crédito que se expedirá polo Secretario Interventor ou, no seu caso, polo Interventor da Corporación.
- c) Nos contratos celebrados en todos os municipios, a aprobación do gasto poderá ser substituída por unha certificación de existencia de crédito que se expedirá polo Secretario Interventor ou, no seu caso, polo Interventor da Corporación

46. De acordo co artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo ao procedemento de outorgamento de licenzas:

- a) En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística
- b) As peticións de licenza resolveranse no prazo de seis meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- c) Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto de execución redactado por un técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente

47. De acordo co artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os delegados de prevención serán designados por e entre os representantes do persoal, conforme á seguinte escala:

- a) De 501 a 1.000 traballadores: 3 Delegados de Prevención
- b) De 2.001 a 3.000 traballadores: 7 Delegados de Prevención
- c) De 4.001 en diante: 8 Delegados de Prevención

48. De acordo co artigo 28 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, relativo ás relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal:

- a) A empresa de traballo temporal será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores
- b) Á empresa de traballo temporal corresponderalle o cumprimento das obrigacións en materia de información previstas nos apartados 2 e 4 do presente artigo
- c) A empresa usuaria deberá informar os representantes dos traballadores na mesma da adscrición dos traballadores postos ao dispor pola empresa de traballo temporal

49. De acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relativo ao ámbito subxectivo, considerarase poder adxudicador:

- a) As fundacións públicas
- b) Os fondos sen personalidade xurídica
- c) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, sexa superior ao 50 por 100

50. De acordo co artigo 137 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, relativo ás retribucións complementarias, estas estarán integradas por:

- a) O complemento de desempeño, destinado a retribuír a dedicación esixible para o desempeño do posto ou as especiais condicións nas que se desenvolve
- b) O complemento de carreira, que retribúe o esforzo, o rendemento ou resultados obtidos
- c) O complemento de posto de traballo competencial, destinado a retribuír a especial dificultade técnica e responsabilidade que concorren no posto

PREGUNTAS DE RESERVA:

51. De acordo coa Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relativa ás normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais:

a) Os Municipios de poboación inferior a 50.000 habitantes poderán licitar contratos non suxeitos a regulación harmonizada de concesión de servizos que se refiran á xestión de dúas ou máis servizos públicos diferentes sempre e cando a anualidade media do contrato non supere os 500.000 euros, e o órgano de contratación xustifique no expediente de contratación esta decisión con base na necesidade obxectiva de proceder á xestión unificada dos devanditos servizos

b) Os Municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes poderán licitar contratos non suxeitos a regulación harmonizada de concesión de servizos que se refiran á xestión de dúas ou máis servizos públicos diferentes sempre e cando a anualidade media do contrato non supere os 200.000 euros, e o órgano de contratación xustifique no expediente de contratación esta decisión con base na necesidade obxectiva de proceder á xestión unificada dos devanditos servizos

c) Os Municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes poderán licitar contratos non suxeitos a regulación harmonizada de concesión de servizos que se refiran á xestión de dúas ou máis servizos públicos diferentes sempre e cando a anualidade media do contrato non supere os 500.000 euros, e o órgano de contratación xustifique no expediente de contratación esta decisión con base na necesidade obxectiva de proceder á xestión unificada dos devanditos servizos

52. Segundo o artigo 42.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todas as notificacións que se practiquen en papel:

a) Deberán ser postas ao dispor do interesado na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

b) Poderán ser postas ao dispor do interesado na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

c) Só se poñerán ao dispor do interesado na sede electrónica cando este o solicite expresamente.

53. Conforme ao disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a solicitude de acceso á información pública:

- a) Deberá estar motivada en todo caso.
- b) Non precisa constancia da identidade do solicitante.
- c) Debe conter unha dirección de contacto, preferentemente electrónica.

54. Son ingresos de dereito privado das entidades locais (artigo 3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- a) Os tributos
- b) Os rendementos ou produtos de calquera natureza derivados do seu patrimonio, así como as adquisicións a título de herdanza, legado ou doazón
- c) Os percibidos en concepto de prezos públicos

55. Segundo o establecido no artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán solicitar a tramitación simplificada do procedemento administrativo. Se o órgano competente para a súa tramitación aprecia que non concorre algunhas das razóns previstas para a tramitación simplificada. En que prazo poderá desestimar esta solicitude de tramitación simplificada do procedemento?

- a) Cinco días desde a súa presentación.
- b) Dez días desde a súa presentación.
- c) Quince días desde a súa presentación.